



## **BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS (UN XEFE DE BRIGADA, UN PEÓN CONDUTOR E TRES PEÓNS DE BRIGADA) PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS, VERÁN DO 2023**

### **1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto desta convocatoria é a contratación de 1 xefe de brigada, 1 peón condutor e 3 peóns para a formación dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais no Concello de Lousame ao abeiro do convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Lousame para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un período de 3 meses a tempo completo, a través do proceso de selección de concurso-oposición.

O horario realizarase de luns a domingo, cos descansos que establece a Lei, e coa flexibilidade que requira o servizo para o mellor funcionamento do mesmo. As tarefas encomendadas aos citados postos, son as propias de traballo na brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto do convenio coa Consellería do Medio Rural para este ano 2023. Todo elo de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais disposicións de pertinente aplicación.

O persoal contratado, estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista na función pública (Lei 53/1984, do 25 de decembro).

### **2. MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.**

A contratación farase baixo a modalidade de contrato de duración determinada vinculados ao convenio coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia que está cofinanciado polo Feader dentro da submedida 8.3 "axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes" do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020 (tipo de contrato 406).

Os contratos serán a xornada completa e por un período de 3 meses, segundo o disposto no citado convenio.

Prazas convocadas: 1 xefe de brigada, 1 peón condutor e 3 peóns para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

A contía das retribucións salariais e cotas da Corporación por seguridade social será imputable en base ao Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio rural e o Concello de Lousame para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023.

As retribucións brutas mensuais ascenderán a: xefe de brigada: 1.400,00€; peón condutor: 1.300,00€; peón brigada: 1.260,00€; incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

### **3. PUBLICIDADE.**

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente no taboleiro de anuncios mais na sede electrónica do Concello de Lousame.

A convocatoria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) e no taboleiros de anuncios mais na sede electrónica do Concello Lousame.

Todos os anuncios sucesivos faranse na sede electrónica do Concello.

#### 4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para poder tomar parte no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos xerais conforme ao artigo 56 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro:

##### 4.1. Requisitos xerais para os postos de XEFE DE BRIGADA, PEÓNS E PEÓN CONDUTOR

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e do previsto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, respecto do acceso ao emprego público por nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado.  
No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

##### 4.2. Requisitos específicos para o posto de XEFE DE BRIGADA

- a) **Estar en posesión** (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) **dalgunha das seguintes titulacións: enxeñería de montes, enxeñería técnica forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente.** As titulacións deberán acreditarse mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar instancias) da Credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.
- b) **Estar en posesión do permiso de conducir clase B**, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

##### 4.3. Requisitos específicos para o posto de PEÓNS

**Estar en posesión** (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias), do **certificado de escolaridade ou equivalente**, que deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar instancias) da Credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

##### 4.4. Requisitos específicos para o posto de PEÓN CONDUTOR

- a) **Estar en posesión** (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias), do **certificado de escolaridade ou equivalente**, que deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar instancias) da Credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.



b) **Estar en posesión do permiso de conducir da clase B**, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria, cuxa documentación xustificativa será comprobada na fase de acreditación que se efectuará unha vez rematado o proceso selectivo. Quedarán automaticamente eliminados os que non reúnan os ditos requisitos.

## 5. DESTINATARIOS.

As persoas que se contraten neste proceso selectivo deberá cumprir o establecido no punto 4 destas bases. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal.

## 6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As persoas que desexen tomar parte nesta convocatoria, deberán facelo constar en instancia dirixida á Alcaldía, segundo o modelo establecido no Anexo I (A), I (B) ou I (C), segundo o caso, das presentes bases, no Rexistro do Concello de Lousame presencial ou o da sede electrónica do Concello, así como nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias será de **cinco (5) días hábiles** a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao do Rexistro do Concello de Lousame, as persoas aspirantes deberán remitir unha copia da instancia á dirección de correo electrónico: [arturo.barreiro@concellodelousame.gal](mailto:arturo.barreiro@concellodelousame.gal) no mesmo día da súa presentación nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias.

Á instancia unirase necesariamente a seguinte documentación:

1. Copia do DNI ou documento de identificación.
2. Declaración xurada segundo o modelo do Anexo II da presente convocatoria
3. Acreditación da formación mínima para cada posto segundo o especificado na Base cuarta.
4. Copia da documentación acreditativa da formación que se achegue a efectos de valoración de méritos.
5. Documentación acreditativa da experiencia laboral, onde apareza claramente reflectida a data de inicio e de remate da contratación, así como a categoría profesional (**informe da vida laboral e contratos de traballo**) a efectos da valoración de méritos.
6. Se é o caso, segundo o posto ao que se opte, carné de conducir tipo B en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación.
7. Se é o caso, fotocopia do CELGA 1 ou CELGA 3 segundo sexa peón, peón condutor ou xefe de brigada, ou título equivalente ou superior. Se a persoa proposta para a contratación non cumpre este requisito, terá que superar unha proba escrita de coñecemento do nivel de Galego esixido.
8. Acreditación do pago da taxa por dereitos de exame ou a documentación acreditativa da redución do 100 % por figurar como demandante de emprego cunha antigüidade mínima de 6 meses referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas.

Non se valorarán os méritos que non estean expresamente contemplados no baremo que figura na presente convocatoria.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado español ou no estranxeiro, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

## 7. DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para poder participar no proceso selectivo, aboar dentro do prazo de presentación de instancias, as taxas pola inscrición na proba selectiva convocada, segundo o establecido na Ordenanza Fiscal do Concello de Lousame reguladora da taxa (BOP núm. 203 do 26/10/2022), en función do grupo de clasificación da praza convocada. Deste xeito, o importe a aboar será o seguinte, dependendo do proceso selectivo en concreto ou da praza vacante á que se opte:

Posto:	Denominación:	Taxa por dereitos de exame:
Xefe brigada	Subgrupo C1/C2 ou persoal laboral equivalente	10,00 €
Peón condutor e Peón brigada	Agrupacións profesionais as que fai referencia a disposición adicional sétima do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou persoal laboral equivalente	5,00 €

A persoa solicitante aportará xunto coa súa instancia, a copia do documento de transferencia ou ingreso.

A conta na que se poderá realizar o ingreso é a seguinte: ES90 2080 0381 0831 1000 0090. No concepto da transferencia debe indicarse o nome do aspirante, así coma o proceso no que participa. Tamén se pode efectuar o pagamento a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Lousame ([https://sede.lousame.es/opencms/es/sobrelasede/oficina\\_virtual/](https://sede.lousame.es/opencms/es/sobrelasede/oficina_virtual/)).

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

Non se admitirá o pagamento da taxa fóra do prazo de presentación de solicitudes. A falla de pagamento da taxa no prazo anterior, determinará a inadmisión do aspirante nas probas selectivas, de tal xeito que xa non se terá en conta a súa solicitude para a formación da listaxe provisional de admitidos e excluídos.

**Se o suxeito pasivo é unha das persoas ás que se refire o artigo 5.2 da Ordenanza Fiscal da Taxa por dereitos de exame, deberá achegar a documentación que no mesmo se indica (BOP núm. 203 do 26/10/2022) e que é: Certificado de desemprego emitido polo Servizo Público de Emprego, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda.**

## 8. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, no prazo máximo de dous (2) días hábiles, a Alcaldía da Corporación ditará Resolución declarando aprobada a listaxe de persoas aspirantes provisionalmente admitidas e excluídas, especificando o cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases, publicándose anuncio no taboleiro de edictos do Concello de Lousame.



As persoas aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles para a emenda de deficiencias dende a publicación do anuncio no taboleiro de edictos municipal, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

No prazo máximo de tres (3) días hábiles dende o remate do prazo anterior, ou no caso de non necesidade de emenda de solicitudes, dende a publicación de relación de persoas aspirantes, publicarase a relación definitiva de persoas admitidas/excluídas nas probas selectivas, publicándose o correspondente anuncio no taboleiro de edictos do Concello, así como o nomeamento dos membros que constituirán o Tribunal Cualificador, a data de reunión do Tribunal para a valoración de méritos, así como indicación do día, hora e lugar en que se realizarán as probas previstas nas presentes bases, publicación que servirá de citación ás persoas aspirantes.

## 9. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

A designación dos membros do Tribunal, farase na Resolución da Alcaldía pola que se aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

O Tribunal Cualificador estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a, tres vogais e os seus suplentes.

Todos os membros do Tribunal deberán contar coa titulación de nivel igual ou superior á esixida para o acceso ás praza obxecto da presente convocatoria. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente).

En todo caso será precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollos á autoridade competente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal Cualificador cando concorran ditas circunstancias, consonte ao artigo 24 da referida Lei.

O Tribunal Cualificador quedará facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

O Tribunal Cualificador poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para todas ou algunha das probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

De todas as reunións que faga o Tribunal levantarase a correspondente acta, subscrita polo/a secretario/a do mesmo.

## 10. SISTEMA DE SELECCIÓN.

A selección das persoas aspirantes efectuarase polo sistema de **concurso-oposición**.

A puntuación máxima que pode acadarse no concurso-oposición e de **20 puntos** distribuídos da seguinte maneira:

### A) FASE DE CONCURSO: VALORACIÓN DE MÉRITOS (8 puntos):

O concurso consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas polos/as aspirantes.

A puntuación máxima outorgada na fase de concurso non poderá exceder de oito (8) puntos.

As puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

Nesta fase valoraranse os méritos específicos adecuados ás características do posto de traballo segundo o seguinte:

#### **BAREMO:**

##### **a) Experiencia laboral (Ata 4 puntos).**

A puntuación máxima acumulada neste apartado non poderá superar os 4 puntos.

Por cada mes traballado a xornada completa, realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, 0,15 puntos mes, ata un máximo de 4 puntos.

En caso de contratos que non sexan a xornada completa farase o correspondente prorrateo do tempo traballado. Para a valoración tomarase o número total de días traballados e dividirse entre 30 e do resultado colleráse só o número enteiro sen decimais.

Valoraranse os servizos prestados como xefe de brigada, peón ou peón condutor, segundo o caso, nas brigadas de prevención e defensa contra os incendios forestais na Xunta de Galicia, nos Concellos ou nas empresas públicas, así como os servizos prestados nas Agrupacións Municipais de Voluntarios de Protección Civil (acreditarse cun certificado da Agrupación onde se recolla o tempo exacto que leva prestando servizos en prevención e defensa contra os incendios forestais)

Para estes efectos non se computarán os servizos que prestan simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

Será necesario presentar **informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de certificado de empresa ou fotocopia dos contratos**, onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado.

##### **b) Formación específica. Cursos de formación e perfeccionamento (Ata 4 puntos).**

Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo a desenvolver, impartidos por Administracións Públicas, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologados por estes, **a razón de 0,01 puntos por hora de formación cun máximo de 4 puntos.**

Non serán obxecto de valoración:

- Os cursos promovidos por empresas privadas senón se xustifica a homologación pola Administración Pública.
- A asistencia a congresos, seminarios, simposios, xornadas e similares.
- Cursos de idiomas ou de informática.
- Non se puntuarán méritos que non se xustifiquen coa documentación expresada.

Os méritos alegados deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos, que deberán expresar a duración en horas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico.

En caso de ter recibido varios cursos sobre a mesma materia serán excluídos os da duración inferior, ou no seu caso, e de ser máis favorable para o aspirante, aquel que outorgara unha puntuación inferior.



## **B) FASE DE OPOSICIÓN: (12 puntos)**

### **a) Proba práctica (Ata 10 puntos):**

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións a realizar no posto de traballo correspondente.

A proba cualificarase polo tribunal de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar 5 puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a.

### **b) Entrevista curricular. (Ata 2 puntos)**

Consistirá na realización de entrevista curricular sobre o coñecemento do medio, que se valorará entre 0 e 2 puntos.

### **c) Proba de galego.**

En base ao establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia, respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega terán unha proba, que será cualificada como apto/a ou non apto/a. Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do Celga 1 ou equivalente (peón e peón condutor) e Celga 3 (xefe de brigada)

## **C) RECOÑECIMENTO MÉDICO E PROBA FÍSICA**

A.- Recoñecemento médico: Farano as persoas que obteñan maior puntuación no Concurso Oposición e por tanto vaian a ser contratadas, é dicir 1 persoa para o caso de xefe de brigada; 1 persoa no caso de peón condutor e 3 persoas no caso de peón, en total realizarano as 5 persoas que obteñan maior puntuación. **TERÁ CARÁTER ELIMINATORIO.**

B.- Proba física: Realizarase unha vez superado o recoñecemento médico específico e tamén **TERÁ CARÁTER ELIMINATORIO.**

As persoas que se van a contratar teñen que realizar un curso teórico-práctico de formación sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais. Este curso será obrigatorio, aínda que xa o recibisen en anos anteriores.

As probas referidas nesta base deberán superarse para a realización da contratación. No caso de que o/a aspirante proposto/a non supere as referidas probas, non poderá procederse ao seu nomeamento e posterior contratación e acudirase á lista de reserva segundo a orde establecida na mesma.

## **11. CUALIFICACIÓN FINAL, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO. BOLSA DE TRABALLO.**

1.- O tribunal de selección procederá á cualificación dos aspirantes, axustándose ao establecido nas presentes bases, procedendo á publicación na sede electrónica do Concello de Lousame a relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida, elevando á alcaldesa a correspondente proposta de contratación a favor do/a candidato/a que obtivera a maior puntuación total. A cualificación obtida polos aspirantes será a da fase de concurso máis a fase de oposición, acadándose así a puntuación final. A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.

No caso de empate das puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta:

- 1.º. A maior puntuación obtida na proba práctica da fase de oposición.
- 2.º. A maior puntuación obtida pola formación da fase de concurso.

Así mesmo o Tribunal poderá formular proposta á Sra. alcaldesa-presidenta para deixar deserta a convocatoria no caso de que ningún dos aspirantes acredite méritos suficientes.

Se o candidato/a inicialmente proposto renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a contratación realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente.

Se durante o tempo de vixencia do contrato a persoa seleccionada decide rescindir o mesmo, a contratación polos meses restantes realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente.

Concluído o proceso, o tribunal emitirá acta final cos resultados acadados e coa proposta dos aspirantes.

Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación na sede electrónica do Concello de Lousame.

Será seleccionado/a aquel/a que obteña maior puntuación global.

## **2.- BOLSA DE TRABALLO.**

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e non obtiveron praza, ordenadas de maior a menor puntuación. Esta bolsa de traballo servirá para posibles renuncias, substitucións, permisos ou baixas que se produzan durante a vixencia do programa.

Rematada a selección o Tribunal cualificador publicará no taboleiro de edictos do Concello a relación de aspirantes seleccionados por orde de puntuación.

Os aspirantes seleccionados, previamente á súa contratación, no prazo de tres (3) días naturais dende a súa proposta de nomeamento, deberán xustificar os seguintes requisitos:

1. Orixinais da documentación presentada coa solicitude de participación.
2. Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
3. Certificado de número de conta bancaria (20 díxitos)

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á alcaldía-presidenta para formalizar contrato co aspirante seguinte da lista de puntuación do Tribunal.

Logo de formalizada a proposta do tribunal e achegada a documentación polos aspirantes propostos, a alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo.

## **12. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

O presente punto ten como obxectivo dar cumprimento ao establecido na normativa de protección de datos en canto á información que debe facilitarse ás persoas interesadas.

En virtude diso infórmase:

- (a) Ten a condición de responsable do tratamento o Concello de Lousame.
- (b) A finalidade para o tratamento de datos persoais en relación coa contratación dun socorrista para o Concello de Lousame tendo como bases de lexitimación xeral as seguintes:
  - i. Estarán lexitimados polo interese público os tratamentos de datos realizados para a xestión do procedemento de selección como a xestión de solicitudes e os actos de instrución.
  - ii. Terán como base de lexitimación o cumprimento dunha obriga legal os seguintes tratamentos en relación coas normas que se citan a continuación:





- a) As publicacións realizadas con efectos de notificación de acordo coas normas do procedemento.
  - b) Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
  - c) A formalización do contrato laboral de acordo ao Real decreto lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos traballadores (TRET).
  - d) As publicacións realizadas en páxina web do Concello e o taboleiro de anuncios esixibles pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- (c) Os datos poderán ser comunicados ao ministerio de facenda e da administracións públicas, intervención xeral da administración do estado, axencia estatal de administración tributaria, tesourería xeral da seguridade social, servizo público de emprego estatal, entidades bancarias, no caso de axudas familiares os datos cederanse aos centros escolares do municipio, base de datos nacional de subvencións.
- Así mesmo, publicaranse a relación de persoas beneficiarias no portal de transparencia, taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web nos termos que marca a disposición adicional sétima dá Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Non se publicarán os datos dos aspirantes que se atopen nunha especial situación de vulnerabilidade, así como aquela información que puidese revelar categorías especiais de datos.
- (d) O responsable do tratamento poderá obter aqueles documentos para achegar no procedemento que se achen en poder doutras administracións públicas, salvo que vostede se opoña no apartado “documentación a achegar”.
- (e) Así mesmo, aquela información persoal declarada pola persoa interesada e que obre en poder das Administracións Públicas, o responsable poderá efectuar no exercicio das súas competencias as verificacións necesarias para comprobar a exactitude dos datos.
- (f) Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos e de conformidade con normativa de arquivos e documentación.

A persoa interesada pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, a limitación do seu tratamento, oposición, portabilidade e non ser sometido a unha decisión baseada exclusivamente no tratamento dos datos persoais a mediante escrito dirixido a Concello de Lousame con sede en Portobravo, 1, 15210 – Lousame.

A persoa interesada ten dereito a contactar ou reclamar diante do Delegado de Protección de Datos cuxos datos de contacto son: Ramón Santos Pérez ([ramon@nossoluciones.es](mailto:ramon@nossoluciones.es))

Así mesmo, no caso de que entenda vulnerado o seu dereito á protección de datos, a persoa interesada ten dereito a reclamar diante da Axencia Española de Protección de Datos a través da sede electrónica accesible na páxina web <https://www.aepd.es/>

### 13. NORMAS FINAIS.

Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das

Administracións Públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma establecidos na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

#### **14. RECURSOS.**

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases nun dos diarios de maior circulación na provincia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con carácter potestativo e previo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Sra. alcaldesa-presidenta, en virtude do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no diario de maior circulación da provincia. Si se opta por interpoñer recurso de reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que o/a interesado/a considera procedente.

#### **ANEXO I. A**

#### **MODELO DE SOLICITUDE: XEFE DE BRIGADA NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA O INCENDIOS FORESTAIS**

D./Dña....., con DNI núm. ....  
..... e domicilio a efectos de notificación e comunicación en.....  
..... CP..... teléfono.  
..... e correo electrónico.....

#### **EXPÓN:**

Enterado/a da convocatoria para a provisión dunha praza de persoal laboral temporal (3 meses), a xornada completa, para o posto de xefe de brigada, considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases da presente convocatoria:

#### **SOLICITA:**

A súa admisión ás probas de referencia, para o que acompaña a seguinte documentación, declarando coñecer as Bases que rexen a presente convocatoria, polo que se compromete ao seu cumprimento:

Copia do DNI

Acreditación da formación mínima, segundo base cuarta.

No seu caso, documento acreditativo, debidamente cotexado, de estar en posesión do Celga 3 ou equivalente.

Carné de conducir tipo B en plena vixencia.

Documentación acreditativa da formación aportada pola persoa aspirante a efecto de valoración de méritos.

Documentación acreditativa da experiencia laboral, onde apareza claramente reflectida a data de inicio e de remate da contratación, así como a categoría profesional (**informe da vida laboral e contratos de traballo**) a efectos da valoración de méritos.



Acreditación do pago da taxa por dereitos de exame ou a documentación acreditativa da redución do 100 % por figurar como demandante de emprego cunha antigüidade mínima de 6 meses referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas.

Declaracións xuradas segundo modelos adxuntos.

Lousame, ..... de ..... de 20....

Asdo:

ALCALDÍA DO CONCELLO DE LOUSAME

**PROTECCIÓN DE DATOS** – De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE LOUSAME, con dirección PORTOBRAVO Nº1, 15210 – LOUSAME (A CORUÑA).

Delegado de protección de datos: Ramón Santos (ramon@nossoluciones.es)

Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo e non serán cedidos a terceiros salvo por obriga legal.

*Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.*

**ANEXO I. B**  
**MODELO DE SOLICITUDE: PEÓN CONDUTOR NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA O INCENDIOS FORESTAIS.**

D./Dna....., con DNI núm. ....  
..... e domicilio a efectos de notificación e comunicación en.....  
..... CP..... teléfono.  
..... e correo electrónico.....

**EXPÓN:**

Enterado/a da convocatoria para a provisión de dunha praza de persoal laboral temporal (3 meses), a xornada completa, para o posto de peón condutor na brigada de incendios, considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases da presente convocatoria:

**SOLICITA:**

A súa admisión ás probas de referencia, para o que acompaña a seguinte documentación, declarando coñecer as Bases que rexen a presente convocatoria, polo que se compromete ao seu cumprimento:

Copia do DNI

Acreditación da formación mínima, segundo base cuarta.

No seu caso, documento acreditativo, debidamente cotexado, de estar en posesión do Celga 1 ou equivalente.

Carné de conducir tipo B en plena vixencia.

Documentación acreditativa da formación aportada pola persoa aspirante a efecto de valoración de méritos.

Documentación acreditativa da experiencia laboral, onde apareza claramente reflectida a data de inicio e de remate da contratación, así como a categoría profesional (**informe da vida laboral e contratos de traballo**) a efectos da valoración de méritos.

Acreditación do pago da taxa por dereitos de exame ou a documentación acreditativa da redución do 100 % por figurar como demandante de emprego cunha antigüidade mínima de 6 meses referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas.

Declaracións xuradas segundo modelos adxuntos.

Lousame, ..... de ..... de 20....

Asdo:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE LOUSAME

**PROTECCIÓN DE DATOS** – De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE LOUSAME, con dirección PORTOBRAVO Nº1, 15210 – LOUSAME (A CORUÑA).

Delegado de protección de datos: Ramón Santos (ramon@nossoluciones.es)

Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo e non serán cedidos a terceiros salvo por obriga legal.

*Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.*

<b>ANEXO I. C</b>
<b>MODELO DE SOLICITUDE: PEÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA O INCENDIOS FORESTAIS.</b>

D./Dña....., con DNI núm. ....  
..... e domicilio a efectos de notificación e comunicación en.....  
..... CP..... teléfono.  
..... e correo electrónico.....  
.....

**EXPÓN:**

Enterado/a da convocatoria para a provisión de tres prazas de persoal laboral temporal (3 meses), a xornada completa, para o posto de peón na brigada de incendios, considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases da presente convocatoria:

**SOLICITA:**

A súa admisión ás probas de referencia, para o que acompaña a seguinte documentación, declarando coñecer as Bases que rexen a presente convocatoria, polo que se compromete ao seu cumprimento:

Copia do DNI

Acreditación da formación mínima, segundo base cuarta.

No seu caso, documento acreditativo, debidamente cotexado, de estar en posesión do Celga 1 ou equivalente.

Documentación acreditativa da formación aportada pola persoa aspirante a efecto de valoración de méritos.

Documentación acreditativa da experiencia laboral, onde apareza claramente reflectida a data de inicio e de remate da contratación, así como a categoría profesional (**informe da vida laboral e contratos de traballo**) a efectos da valoración de méritos.

Acreditación do pago da taxa por dereitos de exame ou a documentación acreditativa da redución do 100 % por figurar como demandante de emprego cunha antigüidade mínima de 6 meses referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas.

Declaracións xuradas segundo modelos adxuntos.

Lousame, ..... de ..... de 20....

Asdo:



ALCALDÍA DO CONCELLO DE LOUSAME

**PROTECCIÓN DE DATOS** – De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE LOUSAME, con dirección PORTOBRAVO Nº1, 15210 – LOUSAME (A CORUÑA).

Delegado de protección de datos: Ramón Santos (ramon@nossoluciones.es)

Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo e non serán cedidos a terceiros salvo por obriga legal.

*Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.*

**ANEXO II**  
**MODELO DE DECLARACIÓN XURADA.**

D./D.<sup>a</sup> ..... con DNI número ..... e domicilio a efectos de notificación en ..... con número de teléfono..... e dirección de correo electrónico .....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

**Primeiro.-** Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases da presente convocatoria.

**Segundo.-** Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

**Terceiro.-** Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

**Cuarto.-** Que non padezo enfermidade ou minusvalía que impida exercer as funcións propias da praza á que opto.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de selección de persoal temporal, do Concello de Lousame para o posto de:.....

Asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

Lousame, ..... de ..... de 20.....

Asinado.

Asdo:

ALCALDÍA DO CONCELLO DE LOUSAME

**PROTECCIÓN DE DATOS** – De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE LOUSAME, con dirección PORTOBRAVO Nº1, 15210 – LOUSAME (A CORUÑA).

Delegado de protección de datos: Ramón Santos (ramon@nossoluciones.es)

Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo e non serán cedidos a terceiros salvo por obriga legal.

*Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.*